



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de formación da IV bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores do Concello de Boimorto e convocatoria membros Comisión seleccionadora e aspirantes para procedemento avaliador

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo para a formación da IV bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores do Concello de Boimorto por concurso oposición e formación de bolsa de emprego, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 541/2018 de data 30/11/2018.

Vista a certificación de Secretaría de data 18/12/2018 sobre as solicitudes presentadas en tempo e forma.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E DE APOIO A PERSOAS MAIORES</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
AGUIÓN VEIGA MARIA DEL CARMEN	76514925C
CARRIL GARCIA VANESSA	34893004A
GOMEZ GARCIA MARIA ISABEL	78784751E
SUEIRO CARRO MONTSERRAT	33299144C
<b>EXCLUIDOS/AS</b>	
Ningún/ha	

**SEGUNDO.-** Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as segundo o sinalado no punto dez das bases para a formación da IV bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores do Concello de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Nomear os seguintes membros da Comisión seleccionadora en aplicación da base novena da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 541/2018 de data 30/11/2018 para selección de formación da IV bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores do Concello de Boimorto:

-Presidente: A traballadora social do Concello de Boimorto, M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo.  
Suplente presidente: A traballadora social do Concello de Toques, Guadalupe Vázquez Ascariz.  
-Vogais:  
1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba.  
Suplente 1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Mónica Seijas Rey.  
2º vogal: A auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto, M.<sup>a</sup> Elena Rey Souto.  
Suplente 2º vogal: A auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto, M.<sup>a</sup> Luz Gómez García.  
3º vogal: A técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto, M<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea.  
Suplente 3º vogal: A traballadora social do Concello de Vilasantar, M.<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez.  
-Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

**CUARTO.-** Convocar aos membros da Comisión seleccionadora e aos aspirantes á selección de formación da IV bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores do Concello de Boimorto á realización da proba práctica ( oposición) para o mércores día 19 de decembro ás 10:00 horas na Casa consistorial do Concello de Boimorto e posterior baremación de méritos ( concurso) dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

**QUINTO.-** Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

BOIMORTO, martes 18 de decembro de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ